

SOBRE AS CONTAS DE CORREO DOS/AS ALUMNOS/AS DOS CENTROS MATRICULADOS NAS AULAS VIRTUAIS

- [Proxecto](#) ^[1]

Cada vez son máis os alumnos/as dos centros educativos participantes en Webs dinámicas que están a empregar a aplicación Moodle do centro.

Moitos deses **alumnos/as non teñen conta de correo electrónico** pero para dalos de alta nos correspondentes cursos é necesario que no perfil do usuario se introduza unha conta de correo, do contrario non poderían darse de alta na aplicación.

Ante esta situación en moitos casos estanse introducindo contas falsas. Esta acción provoca que diariamente estén chegando por correo electrónico avisos de fallos na entrega das notificacións das mensaxes ao non atopar os buzóns de destino. Actualmente están chegando máis de 600 avisos diariamente.

Para correxir esta situación todos os centros deberán empregar unha conta de correo real á hora de introducir os datos dos/as alumnos/as nas aplicacións. No caso de que o alumnado non teña conta de correo empregase a conta de:

`nonresponder@edu.xunta.es`

Esta é unha conta real, existente, polo que corraxirá a situación actual de avisos de correos non entregados. Todos os correos recibidos nesta conta se eliminan automaticamente.

As Aulas Virtuais de Webs dinámicas están preparadas para que permita a diferentes usuarios empregar a mesma conta "nonresponder@edu.xunta.es", tanto ao cargar usuarios desde un ficheiro (ver: [cargar usuarios](#) ^[2]) como ao introducir un novo usuario como ao modificar/editar un usuario existente.



[Feito con Drupal 6](#)



[Proxecto Webs dinámicas](#)

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2014

[1] <http://www.edu.xunta.gal/centros/websdinamicas/taxonomy/term/137>

[2] <http://www.edu.xunta.gal/centros/websdinamicas/cargarusuarios>